ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

FICHA DA ACTIVIDADE FORMATIVA
PU18016

1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: A nova lexislación administrativa básica: teoría e práctica

CONVOCATORIA: Curso superior A nova lexislación administrativa básica 4ª ed

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Réxime xurídico e actividade contable das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	**PLAN:**	FONDOS EGAP	**HORAS:**	45
ADMINISTRACIÓN:	AU|LO|UN|ES|CI|XU	**ESTADO:**	CONVOCADO	**ANO:**	2018
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	**TIPOLOXÍA:**	SUPERIOR	**EDICIÓNS:**	1

DATA MATRÍCULA: Do 09/10/2018 - 08:00h ao 14/10/2018 - 23:00h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

As leis 39/2015 e 40/2015 introducen novidades relevantes na regulación do procedemento administrativo común das administracións públicas e do réxime xurídico do sector público, que inciden, entre outras, na organización e o funcionamento da Administración, o réxime xurídico dos convenios, a responsabilidade patrimonial das administracións públicas, os recursos administrativos, a tramitación electrónica dos procedementos e os dereitos das persoas nas súas relacións coa Administración.
O obxectivo principal deste curso é abordar o estudo das citadas modificacións do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común dende unha perspectiva práctica, para o cal, nunha primeira parte de cada sesión, procederase á análise, estudo e debate dos temas propostos e, na segunda parte, á súa aplicación a través da resolución de supostos prácticos.

DESTINATARIOS

O curso diríxese ao persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, das administracións públicas de Galicia, tanto autonómica como local e de xustiza, dos entes instrumentais da Comunidade Autónoma e das universidades do Sistema universitario de Galicia que estea en posesión do título de doutoramento, licenciatura, diplomatura, grao, arquitectura, enxeñería, arquitectura técnica ou enxeñería técnica.

No caso de non cubrir a totalidade das prazas convocadas, ás vacantes que resulten poderán acceder os profesionais que estean en posesión do título de doutoramento, licenciatura, diplomatura, grao, arquitectura, enxeñería, arquitectura técnica ou enxeñería técnica.

PROGRAMA

O curso estrutúrase en 8 sesións, nas que se tratarán, entre outros, os seguintes temas:
- As relacións administrativas ad intra. Principios xerais de actuación do sector público e os órganos das administracións públicas. Relacións interadministrativas.
- As relacións administrativas ad extra. Os dereitos das persoas nas súas relacións coa Administración pública.
- Cuestións xerais do procedemento administrativo común I: Os prazos. Cómputo. Efectos da extemporaneidade nas actuacións administrativas: en especial, caducidade, silencio administrativo e prescrición.
- Cuestións xerais do procedemento administrativo común II: A eficacia dos actos administrativos. Especial referencia ao procedemento notificador e ás notificacións electrónicas.
- A tramitación electrónica do procedemento administrativo. Identidade dixital. Presentación documental electrónica. Expediente, Documento e Arquivo Electrónicos. Interoperabilidade.
- O procedemento administrativo común I: Os interesados. Iniciación de oficio e a instancia de parte. As medidas preventivas.
- O procedemento administrativo común II: Ordenación, instrución e finalización do procedemento. Especial referencia á resolución do procedemento administrativo.

- Os principios da potestade sancionadora. As especialidades do procedemento sancionador.
- Os principios da responsabilidade patrimonial das administracións públicas. As especialidades do procedemento de responsabilidade patrimonial.
- O sistema de recursos administrativos.
- Nulidade e anulabilidade. A revisión dos actos en vía administrativa.
- A iniciativa lexislativa e a potestade regulamentaria.
- Os convenios na Lei 40/2015.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A orde de admisión virá determinada pola data de presentación das solicitudes, dando preferencia ao persoal empregado público.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

As persoas solicitantes, agás as que pertenzan á Administración autonómica ou á Administración de xustiza, deberán enviar un correo electrónico á dirección novas.egap@xunta.gal,no que acrediten a súa condición de persoal empregado público, así como estar en posesión da titulación solicitada.
Así e todo, a EGAP poderá solicitar documentación complementaria en caso necesario.
Serán excluídas aquelas solicitudes que non acrediten o cumprimento dos requisitos con anterioridade ao último día habilitado para a inscrición, isto é, o 14 de outubro de 2018.

O importe da matrícula é de cen euros (100 €) para as persoas destinatarias que non teñan a condición de persoal empregado público que, no caso de seren seleccionadas,recibirán as instrucións para realizar o pagamento.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela		**INICIO / FIN:** 25/10/2018 a 20/12/2018
NUM. PRAZAS: 80	**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)	**DATA EXAME:**

DOCENTES NOMEADOS

ANTONIO JIMENEZ-BLANCO CARRILLO

ROBERTO ORLANDO BUSTILLO BOLADO

GERMAN FERNÁNDEZ FARRERES

LUIS MIGUEZ MACHO

Isabel Pillado Quintáns

CARMEN MARÍA SALGUEIRO MOREIRA

JESUS ANGEL FUENTETAJA PASTOR

Javier GUILLEN CARAMES

MANUEL REBOLLO PUIG

MARIA DOLORES RIVERA FRADE

MIGUEL SANCHEZ MORON

ANA MARÍA LÓPEZ GUIZÁN

JUAN RAMON FERNANDEZ TORRES

NATALIA SOLAR JIMENO

Juan Antonio Carrillo Donaire

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

SALON DE ACTOS: O día 25 de outubro de 11:00 a 14:00. O día 15 de novembro de 11:00 a 14:00. O día 15 de novembro de 16:00 a 19:00. O día 20 de decembro de 11:00 a 14:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 5: O día 25 de outubro de 16:00 a 19:00. O día 31 de outubro de 11:00 a 14:00. O día 31 de outubro de 16:00 a 19:00. O día 08 de novembro de 11:00 a 14:00. O día 08 de novembro de 16:00 a 19:00. O día 22 de novembro de 11:00 a 14:00. O día 22 de novembro de 16:00 a 19:00. O día 29 de novembro de 11:00 a 14:00. O día 29 de novembro de 16:00 a 19:00. O día 13 de decembro de 11:00 a 14:00. O día 13 de decembro de 16:00 a 19:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA